

Como evitar os riscos laborais durante o embarazo e a lactación natural



PESE a que a maternidade e a paternidade deberían ser consideradas como un contributo social e unha cuestión cotiá, non unha cuestión privada e circunstancial na vida das persoas, a miúdo estas situacións provocan consecuencias laborais adversas, fundamentalmente para as mulleres en canto á contratación, promoción, condicións e postos de traballo... Por outra banda, son demasiado comúns as situacións nas que os dereitos de protección da saúde, nos casos de embarazo e lactación natural, son vulnerados, provocando situacións de risco ou de detrimento económico para as mulleres neste tipo de situacións.

Ante esta realidade, cabe aumentar a información e a actuación, realizando un traballo activo dentro das empresas co compromiso da representación legal de traballadoras e traballadores para o cumprimento e desenvolvemento da protección legal e a denuncia de situacións de vulneración de dereitos.

- Todas as empresas están obrigadas a evitar que as mulleres embarazadas ou lactantes se vexan expostas a riscos que poidan danar a súa saúde ou a da súa descendencia.
- Nas avaliacións de riscos deberase avaliar cada posto para este tipo de situacións, contemplando a natureza, o grao e a duración da exposición destas traballadoras a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na súa saúde ou na da súa descendencia.
- Se os resultados da avaliación revelasen un posible risco adoptaranse todas as medidas precisas



para evitar a exposición, adaptando as condicións ou o tempo de traballo ou afastando a traballadora deste risco dentro da empresa ou, de non ser posible, coa tramitación da prestación de risco.

- As empresas realizarán, previa consulta coa representación legal de traballadoras e traballadores, unha lista de postos de traballo exentos de risco.
- Todo trato desfavorábel ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade constitúe unha discriminación directa por razón de sexo. Consideraranse nulos e sen efecto todo este tipo actos,

dando lugar a responsabilidades a través dun sistema de reparacións e indemnizacións reais, efectivas e proporcionais, así como, a través dun sistema eficaz e disuasorio de sancións ás empresas.

A práctica diaria dinos que son moitas as mulleres que, estando en posible situación de risco durante o embarazo ou a lactación natural (por non existir posibilidade de adaptación o de cambio de posto de traballo exento de risco para a saúde da muller e do feto), teñen reais problemas á hora de poñer en marcha os mecanismos para o recoñecemento desta prestación tanto por parte das

empresas como das mutuas, e, en moitas ocasións este tipo de problemas solvéntanse cunha baixa por enfermidade común por parte dos servizos públicos de saúde. Este feito non só é unha fraude ao sistema de saúde pública, senón que constitúe unha vulneración dos dereitos laborais destas mulleres, tratando o seu estado como unha enfermidade e diminuíndo os seus dereitos económicos e de protección.



Como actuar

Como paso previo e preventivo haberá que obrigar a todas as empresas a que, en cumprimento da lei, determinen, previa consulta coa representación sindical, a relación do postos de traballo exentos de riscos para o embarazo e a lactación natural.

Co fin de evitar consecuencias da non comunicación do estado de embarazo e incrementar a obriga da empresa de informar de posíbeis riscos, será importante que a traballadora directamente ou a través das persoas delegadas de prevención comuniquen a empresa esta situación.

Fóra das avaliacións realizadas na empresa, toda traballadora poderá comezar o trámite de recoñecemento do dereito á prestación por risco durante o embarazo, sempre que teña sospeitas de que a realización do seu traballo poda afectar ou está afectando negativamente á súa saúde ou á do feto.

O trámite de recoñecemento activa unha avaliación do posto individualizada e que pode ser unha boa medida para ampliación, a actualización e a activación de mecanismos de protección, tales como a adaptación do posto de traballo ou o cambio deste, sempre que tal adaptación non for posíbel.

RISCOS QUE DEBEN SER AVALIADOS EN CASO DE EMBARAZO E LACTACIÓN				
Situacións	Axentes físicos	Axentes biolóxicos	Axentes químicos	Condições do traballo
- Fatiga mental e física. - Tempo de traballo. - Posturas forzadas. - Traballo en altura. - Traballo en solitario. - Estres profesional. - Actividade en pé. - Actividade sentada. - Ausencia de zonas de descanso. - Sanidade pouco axeitada. - Alimentación. - Posibilidade de lesión ou agresión.	- Choques, vibracións ou movementos. - Ruído. - Radiacións ionizantes. - Radiacións electromagnéticas. - Frío ou calor extremas. - Traballo en atmosferas sobre presión elevada.	- Axentes que acusen ou podan causar enfermidades. - Contacto con enfermidades infecto contaxiosas. - Contacto con enfermidades con trastornos de perso-nalidade.	- Sustancias etiquetadas como posíbel risco para a saúde. - Concentracións de químicos superiores aos límites. - Mercurio e os seus derivados. - Medicamentos antimitóticos.	- Manipulación de cargas. - Movementos e posturas. - Desprazamentos dentro e fora. - Traballos de minería. - Pantallas de visualización. - Equipos de protección individual.

Trámites:

1. A traballadora deberá solicitar un informe médico do servizo público de saúde no que se exprese a situación de embarazo, así como que as condicións do seu posto de traballo poden influír negativamente na saúde.
2. Por outra banda, solicitará á empresa os impresos oficiais de certificado e declaracións para a tramitación do risco cubertos. No caso de que a empresa, nun prazo razoábel (2 ou 3 días) non entregue esta documentación cuberta, a traballadora deberá poñelo en coñecemento das delegadas ou delegados de persoal na empresa ou de inspección de traballo.
3. Entregará o informe médico, xunto coa documentación aportada pola empresa na mutua ou no INSS, en función da entidade coa que teña concertada a cobertura de continxencias profesionais.
4. Os servizos médicos do INSS ou mutua comprobarán e, se é o caso, emitirán un informe en relación ás condicións do posto de traballo e a saúde da embarazada e feto.
5. No caso de se constatar un risco, deberase proceder á readaptación ou recolocación da traballadora nun posto exento; no caso de carecer deste, a muller, pasará a situación de risco durante o embarazo ou lactación natural, cobrando o 100% da base reguladora do último mes traballado.

Recomendacións:

- Unha muller embarazada ou lactante non está enferma e, polo tanto, as medidas que se adopten deberán ser as axeitadas para este tipo de situación.
- As mulleres embarazadas ou lactantes non teñen por que arriscar a súa saúde ou a da súa descendencia no lugar de traballo. Ante cada molestia no posto de traballo deberá asistir á mutua co fin de asegurar a protección á saúde.
- As empresas están obrigadas a adecuar os lugares de traballo ás embarazadas e lactantes: salas de lactación axeitadas, salas de descanso, etc.
- A representación sindical nas empresas ten como misión a defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores. Porén, ante calquera dúbida, desconformidade ou obstáculo no proceso de tramitación e recoñecemento do risco, estas persoas serán axentes chave, coas que cada traballadora poderá contar, para a solución de problemas, tanto na interlocución coa empresa, como na información ou denuncia.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com